

**A REPRESIÓN: UNHA LIÑA TRONZADA**

Presos na illa de San Simón, ca. 1937.  
O triunfo do *Alzamiento Nacional* desatou sucesivas vagas de terror. Os sindicatos obreiros, os profesionais liberais e os intelectuais, e mais os partidos que formaran parte do Frente Popular, foron perseguidos con saña



↓  
O Partido Galeguista foi vítima dunha feroz represión: dirixentes como A. Bóveda, Áxel Casal (editor de *Nós* e alcalde de Santiago) ou Víctor Casas (director d' *A Nosa Terra*) son asasinados; outros pasan á cadea (Carballo Calero) ou perden os seus postos de traballo (Otero Pedrayo), e algúns máis conseguen fuxir e acaban no exilio (Castelao)



Alexandre Bóveda



Áxel Casal



Víctor Casas

Os demócratas españois estaban convencidos de que a derrota do eixe nazi-fascista na II Guerra Mundial (1945) arrastraría consigo o réxime franquista. A *Guerra Fria* acabaría con esas esperanzas. Na foto, desfile falanxista en Vigo, coa bandeira do Partido Nazi, ca.1938



Portada do primeiro número dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944).  
O franquismo desbaratou todo o tecido institucional que laboriosamente fora construíndo o movemento galeguista nas décadas anteriores: o Partido Galeguista é prohibido, o boletín *A Nosa Terra* suspendido, a Editorial Nós sofre o saqueo falanxista, o Seminario de Estudos Galegos é incautado...



A guerra mundial e a ditadura franquista impediron ata 1945 a comunicación entre os galeguistas do interior, que tentaban reconstruír o Partido Galeguista clandestinamente, e os do exilio, que se agrupaban arredor do Consello de Galiza. Iso facilitou as diverxencias tácticas entre uns e outros, que se puxeron de vulto a partir de 1946



O triunfo de Franco sobre a República e a conseguinte instauración da ditadura supuxo a aniquilación do galeguismo e a prohibición de toda manifestación pública da cultura e a lingua galegas.

A partir de 1940, Castelao instálase en Buenos Aires, onde tenta mobilizar a masa de galegos exiliados e emigrados. En 1944 funda, con outros deputados exiliados, o **Consello de Galiza**, co que pretende salvagardar os dereitos políticos conquistados co Estatuto de Autonomía de 1936.

Os demócratas españois estaban convencidos de que a derrota do eixe nazi-fascista na II Guerra Mundial (1945) arrastraría consigo o réxime franquista. Os exiliados apresúranse a reconstruír as institucións republicanas, convócanse as Cortes en México e constitúese un goberno de unidade presidido por José Giral. En 1946, grazas ás xestións dos galeguistas do interior, Castelao é nomeado ministro dese goberno, con sede en París.

Pero esas esperanzas axiña se verán fanadas, pois a partir de 1946 estoupa a Guerra Fria, entre as potencias occidentais e a Unión Soviética. O réxime de Franco acaba por recibir o apoio dos Estados Unidos, coa beizón do Vaticano. A finais da década de 1940, a ditadura pode considerarse consolidada.



Rematada a guerra en 1939, Piñeiro volve a Láncara. No ano seguinte matricúlase en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. No ano 1942, trasládase a Madrid para seguir os seus estudos.

A partir de 1943, colabora na reconstrución do Partido Galeguista na clandestinidade. Tamén crea un grupo do PG en Madrid, do que forman parte Fermín Penzol, Álvaro Gil e Xosé Ramón Fernández-Oxea (*Ben-Cho-Shey*).

Piñeiro actúa de enlace dos galeguistas con outros grupos de oposición, particularmente cos nacionalistas vascos e cataláns. Por volta de 1943, créase a **Alianza Nacional de Forzas Democráticas**, coa que contacta a través dos anarquistas galegos.

A comezos de 1946, pasa clandestinamente a Francia para conseguir a designación de **Castelao** ministro do goberno republicano do exilio. Atinxido este obxectivo, regresa a Madrid, onde é detido pola policía política franquista. Con el, cae un feixe de militantes antifascistas, entre eles os irmáns galeguistas **Camilo** e **Cesáreo Saco**.

Ramón Piñeiro botará tres longos anos na cadea (1946-49), mentres que o proceso de reconstrución do Partido Galeguista experimenta un serio revés, e xorden as diferenzas con Castelao e os galeguistas río-platenses agrupados ao seu carón.

O peor da vida no cárcere eran os fusilamentos, que naqueles anos se producían con frecuencia. Moitas veces, de madrugada, eramos espertados por un berro (“¡Compañeros, que nos sacan!”) e inmediatamente todos nos erguíamos no interior das celas e nos puñamos a petar ritmicamente con calquera obxecto contra as reixas das portas e as paredes, a xeito de protesta e despedida.

R. Piñeiro




Ramón Piñeiro de estudante, e cos compañeiros de Facultade, Madrid, 1942.

A vocación de Piñeiro cara á Filosofía lévao a matricularse en Filosofía e Letras, primeiro en Santiago (1940-42) e despois en Madrid. A miseria intelectual dunha universidade que sufrira unha dura purga imposta polo franquismo, e a súa implicación na actividade política clandestina, acaban fanando a súa carreira



A partir de 1943, un feixe de galeguistas deciden reconstruír o Partido na clandestinidade. Por volta de 1943, formouse un comité executivo integrado por Manuel Gómez Román (na foto), como secretario xeral (pois xa o fora antes de 1936) e Piñeiro como secretario político, e mais Xosé Meixide, Cesáreo Saco, Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego

Boletíns clandestinos do Partido Galeguista, 1946 e 1947



“Mentres eu estiven preso, o galeguismo seguiu actuando e a min mantiñanme informado do que ían facendo. Debo dicir que as relacións entre o galeguismo do interior e Castelao sempre foron boas, sen problemas de ningún tipo no aspecto persoal, e con coincidencias substanciais na liña estratéxica a seguir, aínda que ás veces mantivésemos discrepancias puntuais” (R. Piñeiro)



Ramón Piñeiro e Camilo Saco retratados por Bastif na prisión de Alcalá de Henares, 1947



Piñeiro, primeiro pola esquerda, no cárcere de Yserías en 1948. Na fotografía aparece o coñecido cineasta Ricardo Muñoz Suay (cuarto pola esquerda).

“No cárcere aproveitei para ler moito, aínda que, polo estado dos meus ollos, tiña que facelo con lupa. Os libros conseguíamos normalmente Fermín Penzol, que nos axudou e protexeu coa súa xenerosidade proverbial, enviándonos tamén alimentos, o que facían igualmente *Ben-Cho-Shey* e Álvaro Gil” (R. Piñeiro)